



PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL PLURIANUAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ASOCIACIÓN PROFESIONAL GANDEIROS DE LUGO , CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “SERVIZO DE ASESORAMENTO SOBRE PASTOREO TRADICIONAL” NA ANUALIDADE 2020, 2021, 2022 E 2023 APROBADO POR ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE DATA 17 DE XULLO DE 2020

[ADDENDA APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 28 DE OUTUBRO 2022]

En Lugo, a 28 de outubro de 2022

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, don Mariano López Nieves con DNI ***56.43**, na súa condición de Presidente, actúa en nome e representación da entidade Asociación Profesional Gandeiros de Lugo, en adiante beneficiario, con CIF ***3100**, e con sede social en Rúa Castelao nº59 no concello de Lugo CP 27003, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

MANIFESTAN

E con base a tales antecedentes, ambas as dúas partes consideran oportuno formalizar esta addenda ao convenio, con arranxo ás seguintes:

Primeiro: Que por acordo de Xunta de Goberno, de data 17 de xullo de 2020, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa de carácter excepcional outorgada, por importe de 105.000 €, a favor do beneficiario, Asociación Profesional Gandeiros de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional”, nas anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023.

Segundo: Con data 23 de setembro de 2022 recibise escrito con número de rexistro de entrada 2022RPE016907 presentado por Don Mariano López Nieves, con NIF: 34256437F, en nome e representación da entidade Asociación Profesional de Gandeiros de Lugo, con CIF G27310044, na cal solicítase a aprobación dunha addenda de modificación do convenio da subvención directa de carácter excepcional plurianual, para sufragar os gastos derivados da actuación “Servizo de Asesoramento sobre pastoreo tradicional” nas anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023, co obxecto de ampliar o período de execución ata finais de 2023 e incrementar o importe da subvención en 35.000€ na anualidade 2023, para acadar un maior grado de desenvolvemento da actuación. Por todo o anteriormente exposto, cómpre modificar as cláusulas Segunda, Terceira, Sétima e a cláusula adicional primeira del referido convenio.

Terceiro.- Que por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de outubro de 2022, aprobouse a modificación do acordo de concesión de Xunta de Goberno de data 17 de xullo de 2020 así como, a modificación das cláusulas Segunda, Terceira, Sétima (Gastos Subvencionables) e a cláusula adicional primeira do mencionado convenio.

	IV7A3UPMPZNDXK5C4NXQMU2D64		Fecha y Hora	09/11/2022 14:32:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JULIA VÁZQUEZ SILVARREY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A3UPMPZNDXK5C4NXQMU2D64		Página	1/4	



Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este addenda de modificación ao convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas Segunda, Terceira, Sétima (Gastos Subvencionables) e a cláusula adicional primeira.

CLÁUSULAS:**Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.**

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 147.368,47 €, imputándose o importe de 18.421,07 € a anualidade 2020, 36.842,11 € a anualidade 2021, 36.842,11 € a anualidade 2022 e 55.263,18€ a anualidade 2023.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen ó seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 140.000 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

Distribuídos da seguinte forma:

Anualidade 2020 un importe de 17.500 €.

Anualidade 2021 un importe de 35.000 €.

Anualidade 2022 un importe de 35.000 €.

Anualidade 2023 un importe de 52.500 €.

- Incluír no orzamento do ano 2021 e 2022 a cantidade de 35.000 € e no do ano 2023 a cantidade de 52.500 €, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual e, polo tanto, a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

	IV7A3UPMPZNDXK5C4NXQMU2D64		Fecha y Hora	09/11/2022 14:32:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JULIA VÁZQUEZ SILVARREY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A3UPMPZNDXK5C4NXQMU2D64		Página	2/4	



- En caso de incumplimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.
- A ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario:

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución, que serán por conta tamén do beneficiario.
- Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitálos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.
- Deberá comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- Autoriza á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.
- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo ao establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Achegar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

[...]

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do segundo semestre do ano 2020, dentro da anualidade 2021, 2022 e 2023.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son

	IV7A3UPMPZNDXK5C4NXQMU2D64		Fecha y Hora	09/11/2022 14:32:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JULIA VÁZQUEZ SILVARREY				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A3UPMPZNDXK5C4NXQMU2D64		Página	3/4	



subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

Primeira.- Anticipo.

A Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 50% sobre o importe de cada anualidade subvencionada, é dicir, 8.750 € para a anualidade 2020, 17.500 € para a anualidade 2021 e 2022, e 26.250 € para a anualidade 2023, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente. O anticipo da anualidade 2021, 2022 e 2023 non poderá ser tramitado ata que a Entidade beneficiaria teña presentada e fora aprobada a xustificación correspondente á anualidade previa.

[...]

Segunda.- As partes acordan incorporar ao convenio subscrito en data 21 de xullo de 2020 esta addenda de modificación, que se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integramente do mesmo. O resto de cláusulas e o contido do convenio de referencia en tanto non queden afectados por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente, que consta de 4 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

“O PRESIDENTE,

O Presidente da Asociación Profesional Gandeiros de Lugo.

Asdo.: José Tomé Roca”

Asdo.: Mariano López Nieves.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero

	IV7A3UPMPZNDXK5C4NXQMU2D64	Fecha y Hora	09/11/2022 14:32:07	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JULIA VÁZQUEZ SILVARREY			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7A3UPMPZNDXK5C4NXQMU2D64	Página	4/4	